

## Reunión coa Alcaldesa

O pasado 1 de decembro, a ANPA reuniuse coa Alcaldesa de Betanzos para volverlle a amosar a súa preocupación polo inxustificable retraso na construción do colexio de infantil (3 a 6 anos).

Segundo as súas propias palabras, a construción deste colexio pasou a ser o obxectivo prioritario da alcaldía, de aquí ao final do seu mandato. Este compromiso tradúcese en que o colexio deberá estar rematado ao longo do curso 2011-2012 e así garantir o inicio do curso 2012-2013 sen ningún tipo de incidente.

Sen embargo, e rematado xa o ano 2010, os terreos necesarios para a construción do colexio continúan sen estar cedidos á Xunta de Galicia, polo que a ANPA volveu a transmitirle a súa enorme preocupación polo cumprimento dos prazos de construción.

O outro obxectivo irrenunciable para a ANPA e tamén para a Alcaldesa é a remodelación do actual CEIP Fco. Vales Villamarín.

Este edificio presenta, despois de case 40 anos dende a súa inauguración, tal cantidade de irregularidades (segundo informe encargado pola propia ANPA) en termos de seguridade e saúde que, simplemente iso, xustificaría a construción doutro novo colexio.

Nestes dous puntos a ANPA ofreceulle á Alcaldesa o seu traballo e colaboración cara a solucionar o que xa se converteu na maior necesidade do Concello de Betanzos (agora xa un problema) e ao mesmo tempo pediulle que, como Alcaldesa, demostrase que pode capitanear este proxecto.

A promesa non cumprida, por parte da Xefa Territorial de Educación da Xunta de Galicia, de dotar ao CEIP Fco. Vales Villamarín con outro administrativo, segundo lle corresponde por lei, tamén foi tratado na reunión, xunto con outros temas que a día de hoxe parecen menores en relación á construción do colexio.

Por outra banda a Alcaldesa comprometeuse a que o Servizo de Madrugadores pasará a depender do Concello a partir dos primeiros meses de 2011

### Taboleiro resumo

#### Queixas e suxestións dirixidas á ANPA, dende o comezo do curso.

##### Vallas metálicas en mal estado sen retirar do patio unha vez finalizadas as obras

- O Concello comprometeuse a retiralas no Nadal

##### Acurtar tempo de duración das asembleas

- Existe un compromiso da xunta directiva de intentar ser máis concisos nas súas exposicións

##### Falta de coidadora na área de Infantil

- Solucionado dende o 1 de novembro

##### Posible existencia de arañas no edificio de primaria

- A ANPA fixo unha inspección visual polo interior dos edificios e non atopou sinais de existencia de arañas. Aínda así, o 2º fin de semana de Novembro, procedeuse á desinfección do CEIP, tal e como se vén facendo ano tras ano por esas datas.

##### Falta de cuberta no patio de infantil

- Desestimada calquera inversión á espera da construción do novo colexio (3-6 anos)

##### Ampliación do uso das Axendas Escolares entre as aulas de 1º ciclo, cuxos titores amosen interese por elas.

- Solicitouse á Dirección o reparto das axendas sobrantes entre os nenos/as do 1º ciclo.

##### Solicitadas explicación de por qué, en días de moita choiva os nenos/as de 4º, 5º e 6º non saen ao patio.

- A ANPA, que amosouse conforme con esta medida dada a situación de masificación do CEIP, convocou o pasado 30 de novembro unha reunión con tódolos pais do CEIP, onde a Dirección do Colexio deu explicación sobre o funcionamento actual do mesmo, contestando, asemade, a todas as preguntas e inquietudes formuladas polos pais.

## Rematou o 2010 sen terreos

### MARCADOR CESION TERREOS

ANOS	MESES
3	10

Este marcador irá contando, mes a mes, o tempo transcorrido dende que o Concello de Betanzos decidiu expropiar os terreos para o novo colexio de infantil ata que os ceda á Xunta de Galicia, para a súa construción.

## Reunión co BNG, PSOE e CxP

O pasado 20 de decembro a ANPA reuniuse de forma individual con toda a oposición política do Concello de Betanzos, para darlle a coñecer, por escrito, as necesidades que ten a educación pública de infantil e primaria neste Concello.

Aínda que xa coñecedores, os tres partidos amosáronse moi preocupados polos problemas expostos pola ANPA, e comprometéronse non só a recoller nos seus programa a síntese dos puntos expostos, senón que se comprometeron a concentrar os esforzos en:

✦ Que o colexio de infantil (3 a 6 anos) estea rematado e operativo no **primeiro trimestre do ano 2012**.

✦ Traballar para que o **proxecto de remodelación** do colexio actual estea rematado a finais do 2011 e con asignación orzamentaria para que as obras de remodelación poidan levarse a cabo no **verán do 2012**.

## Reunión con outros colectivos

A ANPA reunirase ao longo do mes Xaneiro con todos os colectivos / asociacións do Concello de Betanzos, así como cos responsables dos Concellos de Paderne e Coirós, para explicarlle a situación e pedirllas a súa colaboración cara a resolver este problema..

## **Campaña colexio infantil (3 a 6 anos) non confundir coa gardería**

A construción dun novo colexio que desmasifique o “Vales Villamarín” vense reclamando dende moitos anos atrás.

Ante a interminable demora e aproveitando que o 22 de Maio de 2011 toca renovar os gobernos municipais, a ANPA Brigantium, en representación dos pais do único colexio público de primaria de Betanzos, Coirós e Paderne, vai comezar unha campaña co único fin sensibilizar aos futuros gobernantes destes concellos da **situación do colexio máis masificado de Galicia.**



### **Pon os adhesivos do interior nun lugar visible**

Axúdanos a difundir esta mensaxe.

### **Pago 2º prazo ADC Vales Villamarín**

O 20 de xaneiro, é a data límite para abonar o 2º prazo das actividades extraescolares:

**(30€ por cada actividade)**

## Actividades Extraescolares no Nadal



Gañadores certame de debuxo rural 10-12-10



Ximnasia Rítmica. Actuación Nadal 20-12-10



Banda de música. Actuación Panxoliñas 21-10-2010



Baile. Actuación NADAL 21-10-2010

Boletín para os pais/nais

xaneiro 2011

**Colexio novo**  
**XA**  
**Vales Villamarín**  
**NON á MASIFICACIÓN**  
ANPA Brigantium

Bótalle unha ollada,  
e axúdanos a melloralo

A.N.P.A. Brigantium  
do C.E.I.P. Fco. Vales Villamarín de Betanzos

Procurar

<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

tamén estamos en facebook: [anpabrigantium](https://www.facebook.com/anpabrigantium)

Usa o noso e-mail  
[anpabrigantium@gmail.com](mailto:anpabrigantium@gmail.com)



CONCELLO DE BETANZOS  
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN